



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA OPE 2021 PERSOAL LABORAL POR OPOSICIÓN LIBRE GRUPO LABORAL V : 1 OPERARIO LIMPEZA VIARIA
EXPEDIENTE: 2021/E001/000011

CORRECCIÓN DE ERROS DA ACTA DO 21 DE ABRIL de 2022

En data 26.04.2022 e 25.04.2022 preséntanse dous escritos con número de rexistro de entrada 202299900001323 e 202299900001299. No primeiro solicítase que se corrixa o seu nome na listaxe provisional. Tómase nota deste escrito.

No segundo escrito Melissa Emilia Insua Torres, solicita a subsanación da acta ao non atoparse na lista de aprobados. Esta aspirante presentouse nas oficinas municipais e corroborou ante o secretario do tribunal que o seu exame estaba apto e cunha nota de 8,75, polo que procede a subsanación.

Deste xeito, o tribunal reunido telemáticamente o 29.04.2022 procede corrixir a acta anterior debido aos erros indicados e cambiar a data do exame, quedando como segue:

PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL OPOSICIÓN LIBRE GRUPO LABORAL V : 1 OPERARIO/A LIMPEZA

En data 29 de abril de 2022 e sendo as 09:45 horas, reúnese telemáticamente o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a selección dunha praza de persoal laboral: operario\la limpeza, polo sistema de oposición, baixo a presidencia de Daniel Piñeiro Cachaza, funcionario do Concello de Betanzos; e coa asistencia dos vogais: Manuel Vázquez Sánchez, funcionario do Concello de Boimorto; M^a Salomé Fernández Vázquez, funcionaria do Concello de Aranga e José Ángel Cabo Seijas, funcionario do Concello de Melide; actuando como secretario Adrián Juan Márquez Caramés, funcionario do Concello de Betanzos, quen dá fe do acto.

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL. Examinadas as bases e a convocatoria e visto o Decreto da Alcaldesa de Betanzos de data 06 de abril de 2022, declárase a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e determínanse as datas para a constitución do Tribunal e inicio dos exercicios. O presidente declara validamente constituído o Tribunal.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE FRONTE O COVID-19. Ante situación sanitaria provocada pola actual situación de pandemia e vistas as medidas de prevención e hixiene fronte a Covid-19 para a realización de probas, teranse en conta as recomendacións das autoridades sanitarias e normativa aplicable a nivel autonómico e estatal.

O Tribunal acorda, por unanimidade, establecer as seguintes medidas xerais de prevención, protección e hixiene fronte ao Covid-19, coa finalidade principal de garantir a máxima seguridade sanitaria dos membros do Tribunal, así como dos aspirantes que participen nas distintas probas do proceso selectivo, que se deberán respectar e cumprir en todo o proceso selectivo, sen prexuízo da normativa do obrigado cumprimento aprobada pola Xunta de Galicia e polo Goberno do Estado:

1. MEDIDAS XERAIS DE PREVENCIÓN.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Con carácter xeral é fundamental observar as seguintes medidas:

- Hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa.
- Cubrirse o nariz e boca cun pano ao tusir e espirrar e desbotalo nunha papeleira ou cubo de lixo. De non dispor de panos, empregar a parte interna do cóbado para no contaminar as mans.
- Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.
- Manter una distancia interpersonal de 1,5 ou superior, nos termos determinados polas autoridades sanitarias.
- Recoméndase utilizar máscara hixiénica de seguridade en todo momento.

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS DIRIXIDAS Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

No desenvolvemento da probas selectivas, as persoas aspirantes terán en conta o seguinte:

- Non poderán acceder ao lugar das probas **persoas con síntomas compatibles co COVID-19**, ás que se lles diagnosticaron a enfermidade e que non finalizaran o período de illamento requirido ou as que se encontren en período de corentena.
- No caso de que a persoa participante pertenza a **poboación vulnerable** para COVID-19 deberán seguir as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto das medidas de prevención máis adecuadas.
- As persoas **participantes con diversidade funcional** ou necesidades específicas, facilitaráselles as adaptacións que precisen cos criterios de prevención que sexan necesarios.
- A fin de **evitar aglomeracións** na entrada ao lugar das probas, deberase acceder ao centro ou instalacións sen a compañía de terceiras persoas, salvo que se precise do seu auxilio por razóns de disfuncionalidade.
- As persoas aspirantes **deberán preferentemente acudir con máscara** e permanecer con ela posta de forma correcta durante todo o tempo de permanencia no centro ou instalacións onde teña lugar a proba, manter **a distancia de seguridade interpersonal** (de 1,5 ou superior), seguir o percorrido indicado así como aquelas outras indicacións que emitan os membros do tribunal cualificador ou as persoas colaboradoras.
- Non se poderá permanecer en corredores nin zoas comúns, nin agardar ao resto de aspirantes dentro das instalacións ou no interior do centro onde teñan lugar as probas selectivas.
- No caso de emprego de material de uso persoal (como bolígrafos) facilitado pola Administración para o desenvolvemento da proba, **non se devolverán por parte dos aspirantes ao tribunal**, por motivos de prevención sanitaria.

3. MEDIDAS XERAIS DE INFORMACIÓN E ACTUACIÓN.

Con carácter xeral informase as persoas aspirantes das seguintes medidas:

- O uso do aseo realizarase de forma individual, seguindo as instrucións dos membros do tribunal e as regras xerais establecida en cada centro.
- Deberán acceder as instalacións onde se realizan os exames co menor número pertenzas persoais posibles e deixalas no chan debaixo da mesa ao seu carón.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- O chamamento das persoas aspirantes realizarase ás 11:00 horas polo acceso principal ao Edificio Liceo do Concello de Betanzos situado na Praza de Galicia s/n, Betanzos, polo que deberán permanecer no mesmo evitando aglomeracións e gardando a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre as persoas e sempre co uso obrigatorio da máscara.

- Tendo en conta a posible concorrencia de persoas, non está permitido o consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos durante a espera e o chamamento das persoas aspirantes, ao non poder garantir, en todo momento, a distancia de dous metros con outras persoas.

4.- ORGANIZACIÓN DO PRIMEIRO EXAME TIPO TEST.- Os membros do tribunal proceden á elaboración do exame tipo test e tralo previo reparto dos temas que compoñen o programa entre as persoas integrantes do mesmo.

Tendo en conta as bases, o exame consta de 20 preguntas tipo test, con 4 posibles respostas alternativas das cales só unha é a correcta. A maiores, existen 5 preguntas de reserva aos efectos de posibles impugnacións ou anulación de preguntas que poidan producirse. Elabórase en formato a dobre columna, cunha parte en galego e outra en castelán.

Unha vez elaborado o exame, procédese á impresión dun exemplar, e posteriormente o presidente do tribunal, xunto cos membros do Tribunal diríxense ás dependencias municipais a fin da realización das copias do exame para facilitarlle ás persoas aspirantes. Realízanse un total de copias, por resultar igual ao número de persoas admitidas á realización do exercicio.

En ningún momento, xa sexa na elaboración do exame, na impresión do primeiro exemplar, canto a realización de todas as fotocopias, os membros do tribunal perden o contacto visual co exercicio proposto.

Ás 9:55 horas o presidente da por rematada a sesión de constitución do tribunal.

5.- CHAMAMENTO DAS PERSOAS ASPIRANTES. Ás 11:02 horas procédese ao chamamento individual e nominativo por orde alfabético de todas as persoas admitidas. Á entrada, compróbase a identidade das mesmas.

Rematado o chamamento, ás 11:05 horas, compróbase que asisten 17 persoas do total de persoas admitidas. Unha vez colocadas todas as persoas, lense polo Presidente do tribunal as bases do procedemento selectivo no tocante ao primeiro exame e sinálase que na primeira folla do exame constan as instrucións para a cumprimentación do mesmo. Tamén se fai fincapé no feito de que nas bases consta a fórmula para o cálculo da nota e que tanto as respostas mal contestadas como as non contestadas teñen penalización.

Faise entrega dun cuestionario coas preguntas, duns códigos aleatorios por triplicado coa finalidade de garantir o anonimato entre as persoas aspirantes e unha folla para as respostas que se marcarán cun X.

Tamén se lle explica que deben colocar na folla de respostas que se entrega ao remate do exercicio o código aleatorio, así como introducir ao final do mesmo nun sobre o código cos datos identificativos e que este se abrirá nunha sesión posterior do tribunal unha vez corrixidos os exames.

O exercicio xunto co outro código identificativo é para as persoas aspirantes.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

6.- DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO. Ás 11:08 dá comezo o exame e fíxandose como hora de remate do mesmo ás 11:48 horas.

Ás 11:48 horas remátase a celebración do mesmo, procedéndose á recollida das follas de respostas mantendo a orde de entrada e respectando as distancias de seguridade entre as persoas. Estas son trasladadas ao Concello de Betanzos e custodiadas baixo chave coa finalidade de proceder á súa corrección.

7.- CORRECCIÓN DO EXAME TIPO TEST. Por parte dos membros do tribunal procédese á corrección do exame tipo test e tendo en conta as respostas consideradas correctas.

Unha vez finalizada a corrección e tendo en conta as bases da convocatoria, obtéñense os seguintes resultados para aquelas persoas participantes que obtiveron a condición de aptos/as:

Número de código	Puntuación
OPER LIMP 001	5
OPER LIMP 017	8,75
OPER LIMP 007	5,625
OPER LIMP 005	9,375
OPER LIMP 002	6,875
OPER LIMP 015	9,375
OPER LIMP 008	6,875
OPER LIMP 003	5
OPER LIMP 012	5,75
OPER LIMP 014	6,875
OPER LIMP 013	6,25
OPER LIMP 016	8,25
OPER LIMP 004	7,5
OPER LIMP 009	6,375
OPER LIMP 011	8,75

O resto das persoas obtiveron a condición de non aptos.

O tribunal acorda a súa publicación no Taboleiro de Anuncios así como no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos sinalando que as persoas aspirantes teñen un prazo de cinco días naturais contados desde a publicación do mesmo para formular alegacións.

8.- APERTURA DOS SOBRES COAS IDENTIDADES DAS PERSOAS PARTICIPANTES.

Dado que na celebración do primeiro exercicio tipo test procedeuse a garantir o anonimato das persoas participantes, procédese á apertura dos sobres nos que constaba a identidade das persoas participantes no proceso selectivo, e obténdose as seguintes correspondencias:

Número de código	Nome	Puntuación
------------------	------	------------

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

OPER LIMP 001	PAZ LOPEZ, RAIMUNDO	5
OPER LIMP 017	RODRIGUEZ MANTIÑAN, JOSE MANUEL	8,75
OPER LIMP 007	TENJIDO RAMOS, JESUS MARIA	5,625
OPER LIMP 005	SANCHEZ SILVEIRA, ADOLFO	9,375
OPER LIMP 002	FIGUEROA LADO, JUAN FRANCISCO	6,875
OPER LIMP 015	MACIAS BETANCOURT, LURNAY	9,375
OPER LIMP 008	ORTOÑO MALLO, GEMA MARIA	6,875
OPER LIMP 003	CANLE CERNADAS, SANTIAGO	5
OPER LIMP 012	GARCIA GONZALEZ, ALBERTO	5,75
OPER LIMP 014	GANDARA RAMOS, JOSE JUAN	6,875
OPER LIMP 013	BREA SANCHEZ, JULIAN CARLOS	6,25
OPER LIMP 016	SÁNCHEZ COMBO, BEATRIZ	8,25
OPER LIMP 004	CARRO VALES, LUIS ANTONIO	7,5
OPER LIMP 009	IGLESIAS LENDOIRO, ORLANDO	6,375
OPER LIMP 011	INSUA TORRES, MELISSA EMILIA	8,75

O resto das persoas obtiveron a condición de non aptos.

9.- ACLARACIÓN SEGUNDO EJERCIZO

Diversos aspirantes solicitaron información sobre a forma de realización da segunda proba. Tendo en conta que as bases indican que:

b) Segundo exercicio: Consistirá en realizar por escrito un suposto ou caso práctico relacionada co contido dos temas e coas funcións a desenvolver no posto de traballo. Realizarase segundo as instrucións facilitadas polo tribunal, podendo ser desenvolvido por escrito ou de forma práctica.

O test versará sobre das materias contidas no anexo II (temario específico).

O tempo máximo de realización é de sesenta minutos. Puntuación máxima: 10 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos. Valorarase a destreza, rapidez e eficacia da súa realización polo aspirante.

Considerando o disposto nas bases que rexen o presente proceso selectivo, o Tribunal está facultado para a interpretación das bases co que acorda que o segundo exercicio da oposición consista na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións e tarefas propias dunha persoa operaria de limpeza.

10.- CONVOCATORIA DO SEGUNDO EJERCICIO.

O tribunal acorda cambiar a convocatoria da celebración do segundo exame para o vindeiro día 12 de maio do 2022 ás 12:00 horas no Centro de Formación Ocupacional do Concello de Betanzos, sito en Bellavista s/n.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 10:05 horas o presidente da por rematada a sesión de todo do que eu secretario dou fe.